# Rías Baixas

memoria exercicio 2005

Estimados/as adegueiros/as:

Un ano máis este Consello Regulador fai públicos os seus datos oficiais por medio desta Memoria, e neste breve resumo gustaríame facer unha reflexión sobre o pasado, o presente e o futuro onde apunta a D.O. Rías Baixas.

Hai máis de 20 anos que un grupo de emprendedores apostou polas posibilidades da variedade albariño, sentando deste xeito as bases do que hoxe é un sector profesional, cohesionado e referente para outros moitos. En poucos anos este modo de traballar ten dado grandes froitos, e agora podemos afirmar orgullosos, que os viños de Rías Baixas están presentes en case tódolos mercados do mundo, cunhas cifras de exportación que se incrementaron un 29% durante o último exercicio.

Para facilitar este traballo de comercialización das adegas, desde o Consello Regulador estanse a dobrar os esforzos nos mercados nacionais, a través de presentacións en diferentes puntos da xeografía española, feiras, colaboracións... Ou accións de ámbeto internacional como a campaña de promoción en EEUU, na que participan 19 adegas, da man do ICEX e coa colaboración do IGAPE.

Os viños de Rías Baixas comezan a consolidárense nos diferentes mercados, cun incremento de ventas superior ao 18 % no ano 2005. Pero, o certo é que Rías Baixas é unha denominación nova e en constante progresión, cuxo producto ainda non chegou ao seu teito, polo que debemos de ser cautos na definición das liñas de traballo que marcarán o futuro deste sector.

O traballo cada vez máis profesional de viticultores e adegueiros, os rigurosos controis que aplicados polo Consello Regulador, xunto coas magníficas cualidades da nosa variedade raiña, o albariño, explican o alto nivel de calidade dos nosos viños, calificados como EXCELENTES nas dúas últimas campañas.

Os nosos viños están considerados uns dos mellores brancos do mundo, e esto conseguiuse co esforzo de todos e cada un, froito do traballo dun sector cohesionado e profesional, desde os viticultores e adegueiros ata a Administración. E esta bagaxe dinos que é importante para a D.O. Rías Baixas manter un prezo acorde á calidade e prestixio dos seus viños.

Entre os novos retos contra os que nos enfrontamos está o mantemento da calidade das nosas variedades. Debemos continuar apostando pola profesionalización do sector, así como por aquelas prácticas que melloren a nosa materia prima, como son os clareos de acios, a poda de racimo en verde... A calidade dos nosos viños pasa polo esmero no coidado da viña, cuxo froito nos está a proporcionar tantos recoñecementos e premios.

Seriedade, rigor, tesón, profesionalización e moito traballo en común, ese é o segredo do éxito de Rías Baixas e nesa liña debemos seguir, pois temos a obriga de consolidar e engrandece-lo legado que temos herdado e así nos converter nun sector maduro, que cree cada vez máis emprego, riqueza e benestar nesta zona.

María Soledad Bueno Berrio-Ategortúa
Presidenta do Consello Regulador D.O. Rías Baixas

PRESIDENTE

Dna. María Soledad Bueno Berrio-Ategortúa

*Presidenta Consello Regulador D.O. Rías Baixas*

VICEPRESIDENTE

D. José Manuel Cores Tourís

*Vicepresidente Consello Regulador D.O. Rías Baixas*

VOCAIS TÉCNICOS

D. José Ramón Meiriño González

D. Gerardo Zugasti Enrique

*Vocais Técnicos do Consello Regulador D.O. Rías Baixas*

SECTOR VITICULTOR

D. José Araujo Peña

D. José Arosa Castro

D. Eladio Padín Dopazo

D. Jorge Valentín Freijanes Morales

D. Francisco Javier Martínez Serantes

D. José Manuel Ruibal Martínez

D. Angel Suárez Vicente

*Compoñentes sector viticultor Consello Regulador D.O. Rías Baixas*

SECTOR VINÍCOLA

D. Fernando Bandeira García

D. Xosé Ramón Durán Martínez

D. Juan Gil González de Careaga

Dna. Paula Nieto Cebeiro

D. Luis Rodríguez Balsa

D. Isidoro Serantes Serantes

D. José Simón Ferro

D. Juan A. Vázquez Gancedo

*Compoñentes sector vinícola Consello Regulador D.O. Rías Baixas*


CONSELLERÍA DE POLÍTICA AGROALIMENTARIA
E DESENVOLVEMENTO RURAL
PRESIDENTA DO CONSELLO REGULADOR
Dna. María Soledad Bueno Berrio-Ategortúa
VICEPRESIDENTE
D. José Manuel Cores Tourís
PLENO
8 Vocais sector viticultor
8 Vocais suplentes
8 Vocais sector vinícola
8 Vocais suplentes
2 Vocais técnicos
COMISIÓN DE VITICULTURA
COMISIÓN DE PROMOCIÓN
COMISIÓN DE CALIFICACIÓN
COMISIÓN
PERMANENTE
COMISIÓN DE LEXISLACIÓN
COMISIÓN DE DISCIPLINA
SECRETARIO XERENTE
D. ramón Huidobro Vega
ASESORÍA XURÍDICA
D. Enrique Pantín
COMUNICACIÓN
Dna. Loreto Vázquez
SERVIZOS TÉCNICOS
ADMINISTRACIÓN
PROMOCIÓN
D. Agustín Lago
(Director Técnico)
D. Fernando Vilariño
D. J. Luis Martínez
D. Rubén Baz
D. Javier Ignacio
Dna. Mª Carmen Moares
Dna. Eva Mínguez

# A pedra e o símbolo

O Pazo de Mugartegui, do século XVIII, convértese na nova sede institucional do Consello Regulador da Denominación "Rías Baixas"

Abrimos esta Memoria do Exercicio 2005 coa presentación da nova sé institucional: o pazo de Mugartegui, un edificio nobre do século XVIII, que forma parte da Praza da Pedreira (ou de Mugartegui), e que xa está é unha das imaxes emblemáticas do conxunto monumental da Pontevedra vella.

Un edificio cunha longa historia pasada, recentemente rehabilitado polo concello para servir a diversos fines culturais e finalmente destinado para a sede do CRDO, tras unha longa negociación en busca dun soporte arquitectónico representativo para un sector punteiro e respectuoso co pasado como o que integra a Denominación "Rías Baixas".

Así, conservando o millor do pasado e aplicando novas solucións técnicas, traballou o equipo do arquitecto Xesús Fole sobre a vella estructura do edificio. Así traballa tamén un sector que parte dun saber herdado para orientalo ao futuro. O fondo e a forma danse a man: o Pazo de Mugartegui ofrece hoxe a millor imaxe posible do que o sector representa.

A nova sé incorporará unha Enoteca temática, onde se poderán degustar tódalas marcas acollidas á Denominación, e xa existe na actualidade un espazo de Interpretación do Viño da Denominación de Orixe.

Ademais destas funcións de divulgación e promoción dos caldos da DO "Rías Baixas", o edificio alberga as oficiñas

# Presentación



Exemplar da Executoria do século XVIII onde se recollen os detalles do pleito sobre o escudo do Pazo de Mugartegui, e ilustración do escudo procedente do mesmo documento conservado no Museo de Pontevedra.

do Consello Regulador con espazos para a secretaría, sáa de xuntas, despacho técnico, varias oficiñas administrativas, un pequeno laboratorio e unha sáa de catas.

A sé dispón dun salón de actos polivalente que serve para organizar diferentes actividades de promoción, formación, catas ou exposicións.

En canto a historia, o dato máis interesante sobre o pasado do noble edificio que hoxe alberga ó Consello Regulador da Denominación de Orixe "Rías Baixas" atopámolo nun documento do Museo de Pontevedra. Trátase da "Executoria do pleito pola colocación dun Escudo de Armas na casa de D. Joseph Manuel Valladares, na Praza da Pedreira en Pontevedra" e nel atopamos interesantes datos sobre a historia do inmoble.

Parece ser que en 1771 o citado Joseph Manuel Valladares estaba a realizar unhas obras de reedificación na construcción familiar, como herdeiro maior do maiorazgo da casa de Quintáns, en San Estebo de Noalla.

Rematada a fachada, deixara un oco para instalar un escudo de armas, que un mestre canteiro de a Pobra de Deán estaba a realizar. Era un escudo cos mesmos blasóns ca outro que existía en Noalla e similar ao existente na capela da Nosa Señora A Branca da Igrexa de Santa María en Pontevedra.

Pero os procuradores síndicos, cargos que velaban nos concellos polos intereses da comunidade, denunciaron ao citado Joseph Manuel Valladares, por non ter dereito a usa-las armas presentes no escudo. Iniciouse así un pleito que durou ata 1773, e no que o propietario tivo que presentar probas da súa fidalguía mediante unha executoria da Real Chancelería de Valladolid, instancia encargada de mediar neste tipo de conflictos.

O documento conservado no Museo de Pontevedra contén datos moi interesantes sobre a realidade social dunha época na que os signos de nobreza e fidalguía sentíanse como algo moi vivo e onde escudos como o que hoxe coroa o Pazo de Mugartegui viñan a ser os sinais de identidade dunha clase social que sen embargo estaba xa sometida ao poder dos representantes populares, como eran os síndicos dos concellos.

Detalles de diferentes espazos destinados a promoción na nova sé do Consello Regulador.

## INVESTIGACIÓN

### O RETO DA DIFERENCIACIÓN

É un feito recoñecido que Galicia posúe un patrimonio vexetal único, cando se trata de variedades de uva. Por diferentes razóns na nosa terra conservouse unha riqueza en variedades, que en moitos casos son exclusivas e noutros corresponden a variantes case desaparecidas do resto da Península.

Son variedades que caeron en desuso polas dificultades de cultivo, cando eran moi tardías ou moi sensibles ás enfermidades, ou ben por esixir moitas tarefas específicas (desfollado, podas en verde, etc. para favorecer un crecemento normal dos acios).

Entre elas hai variedades (como pode se-lo "Caiño Blanco", por exemplo) que resultan interesantísimas desde a perspectiva enolóxica.

Os expertos opinan que desde o punto de vista técnico hoxe é posible cultivar estas variedades "difíciles" e en desuso. Primeiro pola maior facilidade para ubicar plantacións en sitios favorables (e que hai anos resultarían pouco practicables para unha viticultura tradicional); e tamén porque as técnicas de fertirrigación permiten "personalizar" os tratamentos contra as pragas en caso necesario.

Esas esixencias (engadidas a toda a gama de traballos de mantemento precisos: desfollado manual, manexos de poda



Os novos materiais combinanse coa pedra e a madeira orixinais, destacando o valor do pasado e adaptándoo a novos usos.

para acadar máis ventilación e insolación dos acios, etc.) só poden estar compensadas por unha apuesta moi decidida pola calidade, a diferenciación e o sabor que aportan ao viño variedades como a citada, porque poden axudar a posicionalo nos mercados.

Falando de modernidade, o vínculo entre o sector e os centros e institucións investigadoras é un asunto prioritario. Consolidar relacións, amplia-las existentes ou cooperar en tarefas de investigación aplicada son as chaves para o futuro.

É necesario intensificar esforzos, por exemplo para que a Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia poida desenvolver con máis eficacia algunhas das súas funcións. Neste momento, adegas cun gran espíritu innovador carecen de medios humanos e materiais para completar procesos de investigación que poden suponer anos de traballo.

## CONVENIOS

Os convenios con centros como a Misión Biolóxica de Pontevedra (do CSIC) están dando resultados polo que respecta ao desenvolvemento de importantes liñas de investigación.

Hai que destacar como un aspecto positivo, a cesión dos clons de albariño que o equipo dirixido por Mª Carme Martínez estudia desde 1993 (ainda os traballos iniciais de selección por toda Galicia remóntanse a 1987).

O actual convenio permitirá o aproveitamento con fins comerciais dunhas prantas que, no mellor dos casos, serán máis resistentes a certas pragas (como o mildiu), ademais de gozar de bos índices de productividade.

O mesmo convenio refírese tamén a unha investigación sobre "Caiño tinto", unha das variedades autorizadas na DO, pero que carece de prantas seleccionadas.

En catro ou cinco anos o resultado destes traballos, financiados polo CRDO e a Deputación de Pontevedra, derivará na cesión dos clons resultantes para o seu ulterior aproveitamento comercial.

## O PAPEL DA EMPRESA

Un caso similar ao anterior é o da "Castañal", variedade am-

pliamente coñecida e tradicionalmente usada en O Rosal, pero non incluida na citada "Lista Nacional de Variedades de Interés Comercial".

É unha variedade tinta autóctona, de grande interés para algúns viticultores, citada sempre como de gran calidade, e que non atopa en ningunha outra zona. A descripción detallada desta variedade, agora en proceso, sería o paso previo para a súa inclusión na Lista e o seu cultivo autorizado.

O caso das variedades ilustra unha das grandes problemáticas dun sector que tenta gaña-la carreira da calidade e a diferenciación para asentarse ou progresar nos mercados. As grandes adegas apostan decididamente por unha investigación que sempre é a longo prazo e para a que non sempre contan cos recursos técnicos ou humanos necesarios. Para unha verdadeira dinamización destes aspectos é preciso estreitar lazos cos centros de investigación e tamén redefinir ou axustar modelos de cooperación.

## INVESTIGACIÓNS EN ENOLOXÍA

Tamén avanzan as investigacións enolóxicas a cargo doutro grupo de traballo da Misión Biolóxica, dirixido por Mar Vilanova, en colaboración con adegas de DO e o Consello Regulador.

A selección de mostos e viños recollidos na DO son analizados para conseguir un auténtico retrato robot dos nosos viños.

Trátase de profundizar no coñecemento dos nosos caldos desde o punto de vista científico: poñerlle cifras, díxitos, magnitudes a eso que en coxunto chamamos viño e que está feito de complicadas combinacións químicas de elementos naturais.

Avanzar na caracterización enolóxica dos albariños da Denominación foi o propósito dunha tese de licenciatura da Universidade de Vigo presentada a principios deste verán. Ademais estanse a realizar o estudio aromático de variedades como Loureira, Caiño, Treixadura, Castañal, etc… e diversos estudios de análise sensorial en colaboración co Panel de Catadores da DO "Rías Baixas", para establecer o perfil sensorial do viño Albariño en cada subzona da nosa Denominación.

# A vendima

## Unha colleita excelente caracterizou a campña

O 2005 foi un ano espectacular, con producciónes un 4% inferiores á colleita 2004, pero cunha calidade asombrosa e graduacións medias en mosto en moitos casos superiores ao 12º.

O ano foi moi seco tanto no inverno como no verán e a ausencia de humidade fixo disminui-los danos por proliferación de pragas e enfermidades clásicas, como o mildiu, o oidio e a botrite, salvo algúns ataques tempranos de mildiu na primaveira, atallados a tempo cos tratamentos. Tampouco resultaron danos por ácaros ou polillas, o que evitou a proliferación de fungos como a botrite, sobre todo durante a época da colleita.

O ano comenzou cun número importante de nacementos de acios, a benignidade do clima durante o periodo de floración permitiu un estupendo callado.

Pero se algo hai que destacar finalmente, é o longo e cálido verán, que mantivo as viñas en perfecto estado e posibilitou unha maduración regular e extraordinaria, debido ás altas temperaturas. A estabilidade climática estendeuse ata remata-la vendima, o que serviu para entregar unha uva cun estado hixiénico-sanitario excelente nas adegas.

A conclusión é unha vendima desenvolta con calma e tranquilidade, grazas á cada vez maior colaboración entre adegas e viticultores, e aos controis levados a cabo polo Consello Regulador, e que rematou a primeiros de outubro.

## DATOS DOS ÚLTIMOS DEZ ANOS

### Viticultores




### Adegas




### Superficie (Ha.)




### Viño elaborado (Hl.)




### Viño comercializado (Hl.)



## Viticultores




- CONDADO DO TEA
- O ROSAL
- RIBEIRA DO ULLA
- SOUTOMAIOR
- VAL DO SALNÉS

**TOTAL: 6.193.**

## Superficie (Ha.)




- CONDADO DO TEA
- O ROSAL
- RIBEIRA DO ULLA
- SOUTOMAIOR
- VAL DO SALNÉS

**TOTAL: 3.022,15.**

## Superficie / viticultor




- CONDADO DO TEA
- O ROSAL
- RIBEIRA DO ULLA
- SOUTOMAIOR
- VAL DO SALNÉS

**MEDIA: 0,48.**

## Parcelas




- CONDADO DO TEA
- O ROSAL
- RIBEIRA DO ULLA
- SOUTOMAIOR
- VAL DO SALNÉS

**TOTAL: 18.483.**

## Parcelas / viticultor




- CONDADO DO TEA
- O ROSAL
- RIBEIRA DO ULLA
- SOUTOMAIOR
- VAL DO SALNÉS

**MEDIA: 2,98.**

# Vendima

## RENDEMENTOS

### Superficie (Has.)

| | |
|---|---|
| 1999 | 1.978 |
| 2000 | 2.292 |
| 2001 | 2.391 |
| 2002 | 2.523 |
| 2003 | 2.643 |
| 2004 | 2.825 |
| 2005 | 3.022 |

### Vendimia (Kg.)

| | |
|---|---|
| 1999 | 12.473.602 |
| 2000 | 8.499.771 |
| 2001 | 16.814.166 |
| 2002 | 13.253.242 |
| 2003 | 16.420.298 |
| 2004 | 22.768.665 |
| 2005 | 21.886.913 |

### Rendemento (Kg./Has.)

| | |
|---|---|
| 1999 | 6.306 |
| 2000 | 3.708 |
| 2001 | 7.032 |
| 2002 | 5.252 |
| 2003 | 6.212 |
| 2004 | 8.054 |
| 2005 | 7.242 |

## PRODUCCIÓN POR CASTES / SUBZONAS - COLLEITA 2005

### ALBARIÑO




**PORCENTAXE DO TOTAL: 94,32 %**

### LOUREIRO




**PORCENTAXE DO TOTAL: 1,86 %**

### TOTAL POR CASTES 2005

| | |
|---|---|
| Albariño | 20.644.177 |
| Loureira | 406.342 |
| Treixadura | 412.722 |
| Outras brancas | 155.980 |
| Tintas | 267.692 |

## RENDEMENTO TRANSFORMACIÓN UVA/MOSTO (Kg. / Litro)




## VOLUME DE UVA VENDIMADA (Kg.) POR SUBZONAS

| | Uva importada |
|---|---|
| CONDADO DO TEA | 932.444 |
| O ROSAL | 687.136 |
| RIBEIRA DO ULLA | 46.370 |
| SOUTOMAIOR | 8.245 |
| VAL DO SALNÉS | 167.896 |

Rías Baixas

## TREIXADURA




**PORCENTAXE DO TOTAL: 1,89 %**

## OUTRAS BRANCAS




**PORCENTAXE DO TOTAL: 0,71 %**

## TINTAS




**PORCENTAXE DO TOTAL: 1,22 %**

| Uva exportada | Uva vinificada | Uva vendimada |
|---|---|---|
| 433.796 | 5.189.950 | 4.691.302 |
| 266.046 | 3.120.300 | 2.699.210 |
| 68.756 | 372.052 | 394.438 |
| 18.038 | 37.777 | 47.570 |
| 1.055.455 | 13.166.834 | 14.054.393 |

## PRODUCCIÓN POR CASTES NOS ÚLTIMOS SETE ANOS (Kg.)

### Albariño




### Loureira




### Treixadura




### Outras brancas




### Tintas



### UVA EXPORTADA A OUTRAS SUBZONAS DA D.O.

| | 1999 | 2000 | 2001 | 2002 | 2003 | 2004 | 2005 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CONDADO DO TEA | 552.509 | 376.249 | 1.017.815 | 688.781 | 596.474 | 491.689 | 433.796 |
| O ROSAL | 97.652 | 71.379 | 128.158 | 117.387 | 156.522 | 250.407 | 266.046 |
| RIBEIRA DO ULLA | - | 14.596 | 24.285 | 22.777 | 23.425 | 29.521 | 68.756 |
| SOUTOMAIOR | 3.360 | 1.993 | 4.139 | 3.004 | 7.765 | 10.953 | 18.038 |
| VAL DO SALNÉS | 733.109 | 476.260 | 791.641 | 650.550 | 988.958 | 1.316.537 | 1.055.455 |

### UVA IMPORTADA DE OUTRAS SUBZONAS DA D.O.

| | 1999 | 2000 | 2001 | 2002 | 2003 | 2004 | 2005 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CONDADO DO TEA | 478.717 | 285.873 | 351.626 | 364.025 | 662.455 | 856.318 | 93.244 |
| O ROSAL | 843.561 | 526.390 | 1.359.947 | 1.030.704 | 1.013.692 | 983.987 | 687.136 |
| RIBEIRA DO ULLA | - | - | 55.899 | 33.964 | 36.329 | 54.823 | 46.370 |
| SOUTOMAIOR | 3.951 | 13.589 | 22.203 | 17.143 | 24.509 | 9.311 | 8.245 |
| VAL DO SALNÉS | 60.701 | 114.624 | 176.362 | 36.663 | 36.159 | 194.668 | 167.896 |

### COMPARATIVA ADEGAS CON VINIFICACIÓN (2000-2005)




### PROPORCIÓN DE ADEGAS CON VINIFICACIÓN EN 2005



**Uva vinificada por subzonas nos últimos sete anos (Kg.)**

**Condado do Tea**




**O Rosal**




**Ribeira do Ulla**




**Soutomaior**




**Val do Salnés**



## EXPORTACIÓNS 2000-2005 (Volume en litros)

**2000**

| | |
|---|---|
| EE.UU | 285.296 |
| ALEMAÑA | 93.990 |
| REINO UNIDO | 81.643 |
| PORTO RICO | 57.155 |
| SUIZA | 54.193 |
| XAPÓN | 24.964 |
| VENEZUELA | 17.460 |
| MÉXICO | 16.416 |
| DINAMARCA | 9.811 |
| ANDORRA | 8.509 |
| RESTO | 74.744 |

**2001**

| | |
|---|---|
| EE.UU | 239.881 |
| ALEMAÑA | 89.433 |
| REINO UNIDO | 88.547 |
| SUIZA | 62.540 |
| PORTO RICO | 52.574 |
| MÉXICO | 25.880 |
| XAPÓN | 24.966 |
| HOLANDA | 22.659 |
| VENEZUELA | 16.985 |
| FRANCIA | 14.581 |
| RESTO | 96.018 |

**2002**

| | |
|---|---|
| EE.UU. | 315.949 |
| REINO UNIDO | 99.290 |
| PORTO RICO | 86.403 |
| ALEMAÑA | 78.286 |
| SUIZA | 57.554 |
| MÉXICO | 30.177 |
| HOLANDA | 16.061 |
| ANDORRA | 15.630 |
| XAPÓN | 13.272 |
| BÉLXICA | 12.374 |
| RESTO | 101.962 |

**2003**

| | |
|---|---|
| EE.UU | 342.690 |
| REINO UNIDO | 154.205 |
| ALEMAÑA | 73.861 |
| PORTO RICO | 73.707 |
| SUIZA | 71.323 |
| MÉXICO | 42.618 |
| BÉLXICA | 20.449 |
| HOLANDA | 18.528 |
| FRANCIA | 18.255 |
| XAPÓN | 14.476 |
| RESTO | 107.054 |

**2004**

| | |
|---|---|
| EE.UU. | 539.021 |
| REINO UNIDO | 140.907 |
| PORTO RICO | 104.975 |
| ALEMAÑA | 77.098 |
| SUIZA | 73.215 |
| MÉXICO | 34.365 |
| XAPÓN | 23.277 |
| BÉLXICA | 22.980 |
| HOLANDA | 19.193 |
| ANDORRA | 15.039 |
| RESTO | 144.779 |

**2005**

| | |
|---|---|
| EE.UU | 755.330 |
| REINO UNIDO | 135.652 |
| ALEMAÑA | 96.503 |
| PORTO RICO | 83.161 |
| SUIZA | 72.709 |
| MÉXICO | 54.362 |
| XAPÓN | 34.375 |
| CANADÁ | 34.108 |
| BÉLXICA | 32.962 |
| ANDORRA | 30.513 |
| RESTO | 234.083 |

## EVOLUCIÓN DAS EXPORTACIÓNS (Litros)



## Exportacións por países - Ano 2005 (litros)

| | |
|---|---|
| Alemaña | 96.503,75 |
| Austria | 5.255,00 |
| Bélxica | 32.962,75 |
| Dinamarca | 16.038,00 |
| Finlandia | 3.947,00 |
| Francia | 21.690,00 |
| Grecia | 342,00 |
| Holanda | 19.445,50 |
| Irlanda | 21.414,00 |
| Italia | 1.921,00 |
| Luxemburgo | 1.276,00 |
| Portugal | 4.631,00 |
| Reino Unido | 135.652,00 |
| Hungría | 1.926,00 |
| Poloña | 1.809,00 |
| República Checa | 2.111,00 |
| Letonia | 297,00 |
| Chipre | 0,00 |
| Lituania | 0,00 |
| Estonia | 220,50 |
| Eslovaquia | 0,00 |
| Malta | 0,00 |
| Eslovenia | 0,00 |
| Suecia | 9.984 |
| **TOTAL UE** | **377.425,50** |

| | |
|---|---|
| Andorra | 30.513,50 |
| Islandia | 90,00 |
| Liechtenstein | 0,00 |
| Noruega | 28.002,00 |
| Suiza | 72.709,00 |
| **TOTAL EEE** | **131.314,50** |
| | |
| Rusia | 3.199,50 |
| Outros | 2.788,50 |
| **RESTO EUROPA** | **5.988,00** |
| | |
| China | 364,50 |
| Xapón | 34.375,75 |
| Filipinas | 121,50 |
| Singapur | 462,75 |
| Taiwan | 0,00 |
| Emiratos Arabes | 0.00 |
| Outros | 270,00 |
| **TOTAL ASIA** | **35.594,50** |

| | |
|---|---|
| Arxentina | 2.160,00 |
| Brasil | 4.096,00 |
| Canada | 34.108,00 |
| Colombia | 5.553,00 |
| Cuba | 2.677,50 |
| O Salvador | 225,00 |
| Guatemala | 300,00 |
| E.E.U.U. | 755.330,00 |
| México | 54.362,80 |
| Nicaragua | 8.761,50 |
| Porto Rico | 83.161,50 |
| Costa Rica | 997,00 |
| Rep. Dominicana | 10.494,00 |
| Venezuela | 7.191,00 |
| Perú | 225,00 |
| Panamá | 9.540,00 |
| Uruguai | 0,00 |
| Outros | 1.269,00 |
| **TOTAL AMÉRICA** | **980.451,30** |
| | |
| Nova Zelanda | 7.803,00 |
| Australia | 5.182,00 |
| **TOTAL OCEANÍA** | **12.985,00** |

## INGRESOS ORDINARIOS

| | |
|---|---|
| **CAPÍTULO 3 - TAXAS, PREZOS PÚBLICOS, OUTROS INGRESOS** | **1.092.200,00** |
| ARTIGO 33 - TAXAS PARAFISCAIS | 1.004.200,00 |
| 01 - EXACCIÓN S/PLANTACIÓNS INSCRITAS (CANON VIÑEDO) | 141.200,00 |
| 02 - EXACCIÓN S/PRODUCTOS AMPARADOS (CANON VIÑO) | 700.000,00 |
| 04 - EXACCIÓN POR VENTA DE CONTRAETIQUETAS | 163.000,00 |
| ARTIGO 39 - OUTROS INGRESOS | 88.000,00 |
| **CAPÍTULO 4 - TRANSFERENCIAS CORRENTES** | **42.000,00** |
| ARTIGO 45 - DE COMUNIDADES AUTÓNOMAS | 42.000,00 |
| **CAPÍTULO 5 - INGRESOS PATRIMONIAIS** | **153.000,00** |
| **CAPÍTULO 7 - TRANSFERENCIAS CAPITAL** | **518.000,00** |
| **CAPÍTULO 8 - ACTIVOS FINANCIEIROS** | **100.000,00** |
| ARTIGO 87 - REMANENTE DE TESOURERÍA | 100.000,00 |
| **TOTAL INGRESOS** | **1.905.200,00** |

## GASTOS ORDINARIOS

### GASTOS DE FUNCIONAMENTO

| | |
|---|---|
| **CAPÍTULO 1 - GASTOS DE PERSOAL** | **128.600,00** |
| ARTIGO 13 - LABORAIS | 97.500,00 |
| ARTIGO 16 - COTAS SOCIAIS | 31.100,00 |
| **CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVICIOS** | **533.775,00** |
| ARTIGO 21 - REPARACIÓNS, MANTENEMENTO E CONSERVACIÓN | 7.305,00 |
| ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS | 496.470,00 |
| ARTIGO 23 - INDEMNIZACIÓNS RAZÓNS SERVICIO | 30.000,00 |
| **CAPÍTULO 3 - GASTOS FINANCIEIROS** | **44.000,00** |
| ARTIGO 34 - DEPÓSITOS, FIANZAS E OUTROS | 44.000,00 |
| **CAPÍTULO 6 - INVERSIÓNS REAIS** | **1.000,00** |
| ARTIGO 62 - PROXECTOS DE INVESTIMENTO NOVO | 1.000,00 |
| **TOTAL GASTOS FUNCIONAMENTO** | **707.375,00** |

## CONTROL DE CALIDADE

| | |
|---|---|
| **CAPÍTULO 1 - GASTOS DE PERSOAL** | **215.000,00** |
| ARTIGO 13 - LABORAIS | 93.000,00 |
| ARTIGO 16 - COTAS SOCIAIS | 32.000,00 |
| ARTIGO 14 - OUTRO PERSOAL (VEEDORES) | 90.000,00 |
| **CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVICIOS** | **185.600,00** |
| ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS | 185.600,00 |
| **CAPÍTULO 6 - INVERSIÓNS REAIS** | **6.000,00** |
| ARTIGO 62 - PROXECTOS DE INVERSIÓN NOVA | 6.000,00 |
| **TOTAL CONTROL CALIDADE** | **406.600,00** |

## CAMPAÑA DE PUBLICIDADE

| | |
|---|---|
| **CAPÍTULO 1 - GASTOS DE PERSOAL** | **30.500,00** |
| ARTIGO 13 - LABORAIS | 23.000,00 |
| ARTIGO 16 - COTAS SOCIAIS | 7.500,00 |
| **CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVICIOS** | **474.200,00** |
| ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS | 474.200,00 |
| **TOTAL CAMPAÑA DE PUBLICIDADE** | **504.700,00** |

## PROMOCIÓN

| | |
|---|---|
| **CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVICIOS** | **286.525,00** |
| ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS | 286.525,00 |
| **TOTAL PROMOCIÓN** | **286.525,00** |
| **TOTAL GASTOS** | **1.905.200,00** |

## RESUMO DE INGRESOS

| | |
|---|---|
| CANON E CONTRAETIQUETAS | 1.004.200,00 |
| INGRESOS EXTRAORDINARIOS | 241.000,00 |
| TRANSFERENCIAS CORRENTES | 560.000,00 |
| REMANENTE ANOS ANTERIORES | 100.000,00 |
| **TOTAL** | **1.905.200,00** |

## RESUMO DE GASTOS

| | |
|---|---|
| GASTOS DE FUNCIONAMENTO | 707.375,00 |
| CONTROL DE CALIDADE | 406.600,00 |
| CAMPAÑA E PROMOCIÓN | 791.225,00 |
| **TOTAL** | **1.905.200,00** |
| **INGRESOS - GASTOS** | **0,00** |

KPMG Auditores S.L.
Arenal, 18
36201 Vigo

## Informe de Auditoría de Estados Financieros

Al Pleno del Consello Regulador da
Denominación de Orixe "Rías Baixas"

Hemos auditado los estados financieros del Consello Regulador da Denominación de Orixe "Rías Baixas" (el Consello), que comprenden el balance de situación al 31 de diciembre de 2005 y la cuenta de pérdidas y ganancias y la memoria correspondientes al ejercicio anual terminado en dicha fecha, cuya preparación es responsabilidad de la Dirección del Consello. Nuestra responsabilidad es expresar una opinión sobre los estados financieros tomados en su conjunto, basada en el trabajo realizado de acuerdo con las normas de auditoría generalmente aceptadas que requieren el examen, mediante la realización de pruebas selectivas, de la evidencia justificativa de los estados financieros y la evaluación de su presentación, de los principios contables aplicados y de las estimaciones realizadas.

De acuerdo con la legislación mercantil, la Dirección del Consello presenta, a efectos comparativos, con cada una de las partidas del balance de situación y de la cuenta de pérdidas y ganancias, además de las cifras del ejercicio 2005, las correspondientes al ejercicio anterior. Nuestra opinión se refiere exclusivamente a los estados financieros del ejercicio 2005. Con fecha 10 de junio de 2005 emitimos nuestro informe de auditoría acerca de los estados financieros del ejercicio 2004, en el que expresamos una opinión favorable.

En nuestra opinión, los estados financieros del ejercicio 2005 adjuntos expresan, en todos los aspectos significativos, la imagen fiel del patrimonio y de la situación financiera del Consello Regulador da Denominación de Orixe "Rías Baixas" al 31 de diciembre de 2005 y de los resultados de sus operaciones durante el ejercicio anual terminado en dicha fecha y contienen la información necesaria y suficiente para su interpretación y comprensión adecuada, de conformidad con principios y normas contables generalmente aceptados que guardan uniformidad con los aplicados en el ejercicio anterior.

KPMG AUDITORES, S.L.

Francisco Rabadán Molero

27 de junio de 2006

INSTITUTO DE CENSORES JURADOS DE CUENTAS DE ESPAÑA
Miembro ejerciente:
KPMG AUDITORES, S.L.
Año 2006 Nº A4-000990
IMPORTE COLEGIAL: 67 €
Este informe está sujeto a la tasa aplicable establecida en la Ley 44/2002 de 22 de noviembre.

KPMG Auditores S.L., firma española miembro de KPMG International, sociedad suiza.

Inscrita en el Registro Oficial de Auditores de Cuentas con el n.º 50702, y en el Registro de Sociedades del Instituto de Auditores - Censores Jurados de Cuentas con el n.º 10.
Reg. Mer. Madrid, T. 11.961, F. 64, Sec. 8, H. M-188.007, Inscrip. 1.ª
N.I.F. B-78510153

# Labores dos Servizos Técnicos

Labores que van desde o control da vendima e do mercado ata a organización de charlas de promoción forman parte do día a día dos técnicos do CRDO

Os Servizos Técnicos do Consello Regulador teñen asignadas tarefas de distinta índole, como son a xestión do Rexistro de adegas e viticultores, inspeccións sobre viñedos e adegas, recollida e calificación de mostrar, control de mercado, control de vendima, realización de catas e charlas de promoción sobre a Denominación e diversas labores estadísticas. Esta é unha breve descripción de cada un deses aspectos.

### Xestión dos rexistros de adegas e viticultores

O Departamento Técnico atende e xestiona tódalas solicitudes de inclusión de novas adegas, de modificación de datos, alta de novas marcas, ou calquera consulta técnica sobre o funcionamento da D.O.

As modificacións sobre o rexistro de adegas no ano 2.005 desglosáronse do seguinte xeito:

| | |
|---|---|
| • Inclusión novas adegas | 6 |
| • Cambios titularidade | 3 |
| • Baixas de adegas | 7 |
| • Inclusión de novas marcas | 82 |

Con respecto ao rexistro de viticultores, ademais da atención nas dependencias do Consello Regulador onde se atenden as solicitudes de cambio de titularidade, modificación de viñedos

inscritos, etc... así como calquera consulta técnica, o personal técnico desprázase mensualmente a distintos concellos da D.O. para recoller documentación e atender consultas, totalizando durante o ano 2005 un total de 48 desprazamentos.

As modificaciones sobre o rexistro de viticultores no ano 2.005 desglosáronse da seguinte maneira:

| | |
|---|---|
| • Actualización: (viñedos xa inscritos) | 994 |
| • Cambios de titularidade | 85 |
| • Altas de viticultores | 235 |
| • Baixas de viticultores | 21 |
| • Inscripción novos viñedos | 1.035 |

### Inspeccións sobre adegas

No 2.005 realizáronse un total de 711 inspeccións en adega, polos seguintes motivos:

| | |
|---|---|
| • Asistencia trasporte entre adegas | 57 |
| • Asistencia embotellados | 131 |
| • Realización de aforos | 380 |
| • Marcado de depósitos | 92 |
| • Inspeccións de adegas nova inscripción | 6 |
| • Descorchados, retirada de etiquetas, etc. | 45 |

### Inspeccións sobre viñedos

Previo á inclusión no rexistro de viñedos do Consello, tódolos viñedos son revisados polo personal técnico, comprobando in situ o declarado polo viticultor, así como o cumplimento dos parámetros marcados polo regulamento en canto a variedades, marcos de prantación, etc.

En total fixéronse 1.035 inspeccións sobre viñedos de nova inscripción.

### Recollida e calificación de mostras

A calificación de tódalas partidas de viño depende do Departamento Técnico, desde onde se executan e coordenan as tarefas precisas.

A calificación comenza coa recollida de mostras, que durante o ano 2.005 foi de 1.329.

As mostra recollidas son sometidas a unha análise físico-química, para o que son enviadas ao laboratorio da Estación Enolóxica de Galicia, así como a un exame organoléptico polo panel de cata do Consello Regulador.

Para o exame organoléptico, organizáronse 101 sesións de cata ordinarias, e 13 sesións de cata de apelación.

Para estas sesións de cata, o Consello Regulador conta cun

panel de 43 catadores para as catas ordinarias, e con 7 catadores para as de apelación.

### Control de mercado

Realizouse igual que anos anteriores un control de mercado polas catro provincias de Galicia para comproba-lo correcto etiquetado do producto final.

Controláronse un total de 992 mostras pertencentes a 105 marcas procedentes de 52 adegas.

### Control de vendima

Durante o periodo de vendima, o Departamento Técnico é o encargado de seleccionar, formar e dirixir aos inspectores que vearán polo cumplimento das normas de vendima de viticultores e adegas.

Durante a vendima contrólase toda entrada de uva na adega así como a súa procedencia, e os transportes que se dean entre adegas.

Para este cometido durante a vendima do ano 2.005, contratáronse 67 veedores que controlaron a entrada en adega de 16.575 partidas de uva.

Unha vez rematada a vendima, cotéxanse os datos e elabórase un informe de vendima cos datos de producción por subzonas e variedades, así como un informe de incidencias acaecidas.

### Promoción

En colaboración co Departamento de Promoción e Publicidade, o Departamento Técnico encárgase de impartir charlas e catas sobre a Denominación de Orixe tanto a nivel nacional como internacional.

### Formación

Ademais, anualmente organízase un curso de formación para o panel de cata, así como diversas xornadas técnicas con temas de interese para a D.O.

## Xaneiro

### Oito marcas da Denominación elexidas entre os "100 Imprescindibles de España"

No transcurso da II Cumbre Internacional de Gastronomía de Madrid-Fusión 2005 foron catados oito viños da Denominación "Rías Baixas", seleccionados entre os "100 Viños Españoles Imprescindibles" pola Unión Española de Catadores (UEC). A cata estivo a cargo de medio centenar de catadores e prestixiosos xornalistas estranxeiros especializados.
A Denominación "Rías Baixas" convertíase así na que máis viños brancos tiña presentado ao certame, tras un proceso de selección baseado nas puntuacións recibidas polos viños nas guías nacionais ou estranxeiras máis prestixiosas, ademais da propia selección efectuada polos catadores.
Á hora de valora-lo éxitos dos "Rías Baixas", a presidenta do Consello Regulador, Marisol Bueno sinalou que "o froito dos esforzos realizados durante os últimos anos é o de estar posicionados como viño branco de calidade no mercado. Temos oito marcas entre os 100 viños imprescindibles en España, o ICEX elixe os nosos viños como representantes dos brancos españoles, as nosas importacións medraron un 36 %, e gurús como Robert Parker destacan a calidade dos nosos viños. O reto é mante-la ilusión e non perder de vista os criterios de calidade que nos convertiron nun viño imprescindible para un consumidor cada vez máis esixente".

### Rías Baixas protagonista do certame "Nariz de Oro 2005" en Sevilla

O Consello Regulador da DO "Rías Baixas" patrocinou a semifinal do importante certame "Nariz de Oro - 2005", celebrado en Sevilla entre outras actividades destinadas á promoción dos nosos viños no importante mercado andaluz.
O certame, organizado pola revista "Vino y Gastronomía" ten carácter itinerante, con probas desenvoltas en diversas localidades ao longo de todo o ano.
O Consello Regulador participou ademais noutras actividades nesta comunidade autónoma, como a minifeira de Marbella, ou a "Feria del Vino y de las Denominaciones de Origen" de Torremolinos.
Na proba "Nariz de Oro", un responsable do Consello Regulador guiou unha cata comentada de cinco viños da denominación, na que os participantes tiñan que memoriza-las características dos "Rías Baixas" presentados, e posteriormente recoñecer un deles servido nun catavinos negro e opaco, únicamente a través do olfato. A proba goza de gran prestixio internacional e está considerada como a máis importante e de maior atracción do evento.
Ademais, en cada unha das semifinais, "Rías Baixas" entregou un premio ao "Sumiller Novel Rías Baixas-Albariño" (menor de 25 anos), elexido polos membros do xurado tras demostrar o grao de coñecemento dos viños da nosa Denominación.

### 40 profesionais asisten a un obradoiro sobre trazabilidade

Baixo o título de "Trazabilidade, o reto de 2005" celebrouse na Cámara de Comercio pontevedresa un taller no que participaron máis de corenta profesionais do sector vitivinícola, pertencentes a diversas áreas funcionais das adegas como enólogos, técnicos de campo, responsables de loxística, aprovisionamento e producción.
O concepto de trazabilidade refírese á posibilidade de atopar e segui-las pegadas dun producto durante tódalas etapas de producción, transformación e distribución.
É un concepto derivado das crises alimentarias do último tercio do século XX e amparado polo Regulamento CE 178/2002 que desde 2005 obriga a productores e elaboradores de alimentos a garantiza-la súa trazabilidade.
No obradoiro analisáronse aqueles aspectos específicos para o sector vitivinícola deste novo e importante concepto, así como as implicacións derivadas para cada unha das áreas de xestión da adega.

## Febreiro

### Xornadas Técnicas sobre Márqueting

O Consello Regulador organizou unha xornada técnica sobre "Os novos retos do viño español no estranxeiro" na Escola de Administración Pública de Pontevedra.
No acto participaron como poñentes Pancho Campo, director da universidade Americana de Marbella "CIEM", presidente de "The Wine Academy", titulado pola universidade de California, colaborador de varias revistas internacionais, e fundador e director do "Simposium Internacional del Vino de Marbella"; e Guillermo Prieto, subdirector da universidade Americana de Marbella "CIEM", director de "The Wine Academy", licenciado en xornalismo e publicidade e master en márqueting.
Os poñentes analizaron a importancia do márqueting internacional, dos medios de comunicación e da creatividade, entre outros aspectos.

## Marzo

### Presentación en Madrid dos Viños "Rías Baixas"

Un grupo de vinteunha adegas da Denominación participaron en Madrid nun xantar de presentación dos viños "Rías Baixas" diante de xornalistas especializados e un total de noventa profesionais do sector.
Ao acto asistiu tamén a ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, Elena Espinosa, que respaldou o labor do Consello Regulador e das adegas participantes, nun mercado tan importante e esixente como Madrid.
Durante o transcurso do acto, vintecinco sumilleres participaron nunha cata vertical de viños da Denominación pertencentes a diversas añadas.
A presentación é a continuidade dunha campaña de difusión xenérico-marquista, onde o Consello Regulador actúa como convocante pero logo pasa a iniciativa ás propias adegas, para que sexan elas quen transmitan a súa mensaxe ao sector profesional madrileño. Con esta actividade clausurouse un primeiro ciclo no que se organizaron eventos similares en Barcelona, Marbella, Baleares, Valencia e inaugurouse unha nova etapa, na que forono convocados os sectores profesionais de Sevilla, Cádiz e Bilbao.

### Visita de representantes do ICEX para defini-la campaña de promoción en EE.UU.

Tras a decisión de elexi-los viños "Rías Baixas" como representantes dos brancos de España na campaña de promoción en EE.UU., os vocais da comisión permanente do Consello Regulador da DO reuníronse en Pontevedra con Rosa Angulo, xefa de viños do ICEX, Izaskun Zurbizu, consultora de viños do ICEX, María Dolores Loureda, directora rexional de comercio e delegada do ICEX en Galicia e Isabel Fernández, xefa de servicio do ICEX en Vigo, para definir e estructurar esta campaña, que se prolongará durante tres anos en EE.UU.
Para esta campaña, inciada en primavera, o obxectivo eran os consumidores e prescriptores americanos aos que se chegará con campañas de promoción nos puntos de venta, relacións públicas de formación e de márqueting.
Marisol Bueno, presidenta do Consello Regulador da DO "Rías Baixas" destacou a importancia desta campaña "tanto polo propio respaldo da institución como pola exclusividade que che da convertirte nun referente das denominacións de orixe por ter cumprido con seriedade e rigor a túa función".
Ademais, en referencia a esta importante elección do ICEX, Marisol Bueno engadiu que "a denominación de orixe ten demostrado que a súa calidade sobrepasa a media dos viños con D.O. española, é o froito do traballo de viticultores e adegueiros".

Finalmente apelou á necesidade de seguir potenciando e defendendo a calidade, porque é a única forma de ser competitivos nos mercados nacionais e internacionais.

## Abril

### Os viños "Rías Baixas" continúan o seu ascenso nos mercados internacionais

Cun incremento cercano ao 25% respecto ao exercicio 2003, os viños da nosa Denominación continúan a conquista dos mercados exteriores. As cifras de exportación acadaron un total de 1.194.849,73 litros no exercicio 2004, unha cifra traducida en 7.646.015,22 euros de valor en adega.
Os datos resultan máis relevantes se temos en conta que o viño con Denominación de Orixe en España non presentou unha boa evolución durante o exercicio 2004, pois se mantivo estable en valor -crecendo apenas un 0,5%- e caeu un 1,1% en volume. Pola contra, as exportacións na D.O. Rías Baixas incrementáronse máis dun 27% en volume. Neste momento, Rías Baixas exporta os seus viños a máis de 50 países entre os que se atopan Australia, Finlandia, Nova Zelanda, Emiratos Árabes e Liechtenstein, entre outros.
O continente americano continúa a rexistra-lo maior volume de vendas, seguido da UE. EE.UU. lidera as exportacións cun crecemento superior ao 57% respecto ao exercicio 2003. Gran Bretaña e Porto Rico, rexistraron incrementos superiores ao 42 %.
Entre os mercados con maior proxección está Xapón, que aumentou a súas compras en máis dun 60%, Andorra cun 27% e Bélxica cun 11 %. Mercados potenciais como Canadá, Noruega e Suecia están amosando un grande interese polos nosos viños nos últimos anos.
Desde o Consello Regulador se están a realizar importantes esforzos de imaxe, promoción e marketing nos mercados internacionais, sobre todo en países como Estados Unidos, Alemaña e Gran Bretaña, principais destinos desta Denominación, sen esquecer accións puntuais en mercados potenciais como México, Xapón e China, entre outros.

### José Peñín cata os millores "Rías Baixas" para a súa guía

Cunha tirada de 30.000 exemplares en castelán. 6.000 en inglés e 5.000 en alemán a "Guía Peñín" tense convertido nunha das máis importantes e a máis intenacional das guías do país.
O prestixioso xornalista especializado estivo na sé do Consello Regulador para proceder á cata dun total de 127 marcas de 90 adegas da DO "Rías Baixas". Tras a cata, José Peñín calificou de boa a colleita 2004 e destacou "una mayor acidez en la misma, que a mi entender se traduce en una mayor frescura y fragancia en estos vinos, sobre todo con respecto a la añada 2003".
O xornalista engadiu que nos últimos anos se traballou arreo pero queda moito que facer na Denominación, ainda que estes viños dependen moito da terra e da climatoloxía. Destacou tamén a maduración de añadas anteriores en botella dun xeito serio e orixinal.

### Sumilleres madrileños visitan a Denominación

Abril rexistrou diversas actividades de promoción dirixidas aos profesionais do sector.
Nas "Jornadas Internacionais de Sumillería", celebradas do 20 ao 22 en Sevilla, o Consello Regulador patrocinou a cea de gala e estivo presente cun estand promocional, reforzando así a aposta polo mercado andaluz.
Importante destaca-la presenza na cata dos mellores viños de España para a Guía da "Unión de Asociaciones Españolas de Sumilleres" (UAES).
Por outra banda, os días 22 e 23 trinta e cinco sumilleres do último curso do Master de Sumillería da Cámara de Comercio de Madrid e a "Unión Española de Catadores" (UEC) visitarán adegas e viñedos da DO "Rías Baixas" para profundizar no coñecemento dos nosos viños, que se atopan entre os brancos de calidade nos máis prestixiosos restaurantes madrileños.
O 22 de maio celebrouse en Valencia unha das semifinais do concurso "La Nariz de Oro 2005" que organiza a revista "Vino y Gastronomía". Un certame no que adoita participa-lo Consello Regulador cun estand-mesa de promoción e entregando un premio ao "Sumiller Novel Rías Baixas-Albariño".

## Maio

### Recoñecemento da "London Wine"

Durante o mes de Xuño, o prestixioso certame London International Wine & Spirits Trade Fair (a London Wine) celebrou o seu 25 aniversario no que se elexiron 100 dos millores viños do mundo, repartidos entre os principais países productores. Dous "Rías Baixas" resultaron elexidos entre os cinco tintos e os cinco brancos seleccionados neste prestixioso certame de referencia mundial ao que asistiron máis de 1.300 expositores de 65 países. O Consello Regulador estivo presente cun estand dentro do Pavillón Oficial do ICEX.

## Xuño

### "Rías Baixas", única Denominación española presente en Alimentaria-México

A presenza da Denominación "Rías Baixas" na feira Alimentaria-México celebrada os días 1-3 de xuño foi un acontecemento. Por primeira vez, una denominación de orixe española participa nesta prestixiosa feira, de grande interese para o sector como escaparate da nova cultura do viño latinoamericana.
Os datos falan dunha importante penetración dos "Rías Baixas" neste mercado, cun incremento do 259 % das ventas en México entre 1997 e 2004.
A feira mexicana, contou coa presenza de 600 expositores e asisitiron máis de 11.000 profesionais, que tiveron ocasión de coñecer e degustar un total de 23 marcas de "Rías Baixas", asociados neste mercado a viños de "gama alta".
O Consello Regulador aproveitou a presenza en México para organizar un almorzo de promoción de "Rías Baixas" con distribuidores, importadores, sumilleres e medios de comunicación, así como representantes da oficiña comercial do ICEX-México
O xerente do Consello Regulador, Ramón Huidobro, destacou no acto "as grandes expectativas deste mercado, que xa coñecía marcas e adegas de "Rías Baixas" e no que os nosos viños están moi ben posicionados como productos de calidade".

### Premios Baco

Os viños de "Rías Baixas" foron tamén premiados no certame nacional "Premios Baco". Tres marcas da nosa Denominación recibiron un Baco de Oro, Prata e Bronce durante a XIX edición deste "Concurso Nacional de Vinos Jóvenes Cosecha 2004".

### A "Misión Biológica" cede os clons de albariño á DO "Rías Baixas"

Por medio dun convenio asinado entre o Consello Regulador, o Consello Superior de Investigaciones Científicas (CSIC), a Deputación de Pontevedra e a Xunta de Galicia, a "Misión Biológica", centro de investigación adscrito ao CSIC cedeu a titularidade de once clons da variedade Albariño a favor do Consello Regulador para proceder á posterior comercialización.
Os clons proceden dun estudio iniciado no ano 1987 sobre un total de 40 cepas recollidas en toda Galicia por un equipo dirixido polo Dr. Mantilla e que a investigadora Carme Martínez encargouse de continuar ata hoxe.
Once clons seleccionados polas súas característi-

cas foron transprantados no seu día a unha parcela experimental na "Misión Biológica" e sometidos a idénticas prácticas de cultivo.
Tras a realización de tódolos estudios pertinentes atópanse neste momento en fase de certificación a través das vías legalmente establecidas, para poder ser finalmente comercializados. Os viticultores disporán nese momento de tódalas características para elexi-los que mellor se adapten ás súas necesidades.
O convenio inclúe ademais o inicio da selección clonal da variedade Caíño Tinto, na que o equipo do CSIC leva tamén moitos anos traballando.

## Xullo

### A D.O. "Rías Baixas" calificou de excelente añada 2004

Por segunda vez na historia (a primeira foi en 1989), unha añada de "Rías Baixas" foi calificada como "Excelente" polo Consello Regulador. A decisión foi tomada en pleno tras valora-los informes dos servizos técnicos que controlaron, co correspondente panel de cata, cada un dos depósitos das adegas antes de sairen á venda.
Marisol Bueno, presidenta do Consello Regulador amosou a súa satisfacción e destacou que "foi unha decisión moi meditada, difícil e de grande responsabilidade, pero tiña que ser esta añada, porque realmente, é de grande calidade".
Tamén explicou que tras unha vendima histórica en calidade e cantidade "a recollida fíxose co bo tempo e a uva entrou nas adegas cun elevado grao e unha acidez equilibrada, os mostos non podía ser mellores. Os viños seguirán dando a cara dentro de varios anos".
Tamén destacou a presidente do Consello Regulador as boas perspectivas de vendas, con incrementos previstos dun 17%, ao que axudan tamén os numerosos premios e recoñecementos que están a recibir os "Rías Baixas" en diversos certames nacionais e internacionais, así como as valoracións moi positivas de críticos tan prestixiosos como o estadounidense Rober Parker, que recolleu na súa guía "Wine Advocate" trece mencións de "Rías Baixas" con puntuacións entre 87 e 92.

## Agosto

### Preparativos para a campaña promocional co ICEX

A campaña de promoción dos viños brancos de calidade españoles posta en marcha polo ICEX co apoio do IGAPE e cos viños "Rías Baixas" como reclamo, iniciouse durante a vindeira primavera e prolongarase durante tres anos. O público obxectivo serán consumidores e prescriptores americanos aos que se chegará a través de accións de promoción en punto de venda, de relacións públicas, de formación -tanto a prescriptores como a consumidores finais- e de marqueting.
O custe total ascenderá a uns 500.000 $ por ano, cantidade aportada nun 50% polo ICEX, un 25% polo IGAPE e o restante 25% polo sector vitivinícola.
Na campaña participan dezanove adegas de "Rías Baixas" cunha acreditada traxectoria exportadora e consolidada experiencia nos mercados exteriores.
Co obxectivo de profundizar no coñecemento da cultura do viño da zona, representantes da axencia estadounidense de publicidade encargada da campaña promocional nese país visitaron a Denominación de Orixe "Rías Baixas" onde tomaron contacto co sector, a paisaxe, a gastronomía e o patrimonio da zona, para remata-la visita cunha cata organizada polo Consello Regulador no Parador de Pontevedra.
Os expertos estadounidenses, Ms. Marsha Palanci e Ms Chandni Patel, reuníronse posteriormente co representante da oficina comercial do ICEX en New York, José Guerra; a xefa do departamento de viños no ICEX, Rosa Ángulo, e a presidenta do Consello Regulador, Marisol Bueno.

### Sesenta adegas participaron na "LIII Festa do Albariño"

Coa novidade dunhas casetas de estrea en tons amarelo, o Consello Regulador participou na LIII edición da Festa do Albariño cun total de 47 adegas representantes das distintas subzonas da denominación.
A XVII Edición Cata - Concurso "Rías Baixas-Albariño" contou coa participación de unhas 60 adegas, que competiron para conseguir un dos prestixiosos premios aos mellores Rías Baixas-Albariños de 2004.
O xurado do concurso de cata estivo integrado por un representante da Consellería de Agricultura; un representante dos viticultores; un dos adegueiros; un do Consello Regulador da D.O. "Rías Baixas", D. Ramón Huidobro; e polo Ilustre Notario de Cambados, D. José Ángel Dopico.
Segundo a organización pola Festa pasaron en torno a 200.000 visitantes.

### "Gran Novás", medalla de Ouro na XVII "Cata–Concurso Rías Baixas-Albariño"

Tras unha reñida sesión de cata, os xornalistas, enólogos e sumilleres que integraban o panel de cata do concurso "Rías Baixas-Albariño" decidiron outorga-la medalla de ouro a marca "Gran Novás" da adega Aldea de Abaixo. As medallas

de prata e bronce correspondéronlle ás marcas "Bouza do Rei" da adega do mesmo nome e a "Lagar de Cervera" da adega Lagar de Fornelos SA.

## Outubro

### Os "Rías Baixas" protagonistas na "Cumbre Iberoamericana" de Salamanca

Os viños da DO "Rías Baixas" foron os viños brancos de referencia durante a celebración da "Cumbre de Jefes de Estado y de Gobierno de la Comunidad Iberoamericana de Naciones" de Salamanca.
O Consello Regulador enviou a este evento un total de 120 botellas, que se serviron nos diferentes almorzos e ceas dos mandatarios dos tres países europeos e dezanove latinoamericanos presentes na cita.
Os viños foron presentados coa contraetiqueta do Consello Regulador e unha etiqueta especialmente pensada para a ocasión.
Marisol Bueno, presidenta da DO manifestou a súa grande satisfacción por esta elección: "para nos supón un grande honor e prestixio poder darnos a coñecer nuns mercados nos que xa estamos presentes, pero nos que deben crecer máis as nosas exportacións, así que ésta é unha grande oportunidade" explicou.
Neste momento, Rías Baixas exporta os seus viños a máis de 50 países e o continente americán é o que rexistra maior volume de vendas. Países como Porto Rico, México, ou Colombia constitúen importantes mercados para a nosa Denominación.

### Con 21.881.175 kilos de uva recollidos "Rías Baixas" encabeza as DO galegas

A colleita deste ano foi a segunda en cantidade na historia da Denominación. Participaron 192 adegueiros, 6.191 viticultores, na recollida de 3022 hectáreas. A climatoloxía foi favorable, tanto no momento da vendima, con ausencia de chuvia como nos períodos de froración e brotación, nos que primou o bo tempo. Estas condición favoreceron o callado dos froitos e contribuiron ao grande volume da colleita.
Para Marisol Bueno, presidenta do Consello Regulador, era dificil "manter os niveis de calidade e cantidade da pasada colleita". Pero o certo é que a añada de 2005 mantivo os estándares de calida-

de da campaña pasada, segundo a opinión común entre viticultores e adegueiros".
Os técnicos do Consello Regulador destacaron o alto grao da uva e unha acidez equilibrada como características da colleita e unha maior producción da caste do albariño, que acadou os 20.643.227 kg. de uva. Tamén destacou o departamento técnico o bó estado sanitario da uva, os mostos moi aromáticos, e a perfecta relación grao e acidez, cunha maduración da uva inmellorable, o que permitiu augurar que a añada de 2005 estaría acorde coa deste ano".
A este respecto, a presidenta destacou tamén que o cada vez maior nivel de profesionalización do sector contribúe a que o froito que entra nas adegas sexa cada vez de maior calidade.
As cifras de vendima permitiron mater a decidida aposta polos mercados internacionais con vistas a consolidar posicións.

## Novembro

### Xornalistas de Xapón e Taiwán visitan a Denominación

Cinco xornalistas das máis importantes revistas especializadas do sector xaponés, ademais do sumiller do Hotel Imperial de Tokio, visitaron adegas, viñedos e a sé do Consello Regulador da nosa Denominación.
Este tipo de misión inversa produciuse por primeira vez con representantes do país asiático, un dos destinos máis interesantes canto as exportacións de "Rías Baixas", que se incrementaron en máis dun 60% en volume no período 2003-2004 e un 36% en valor.
Esta visita veu sumarse á de cinco xornalistas especializados en viño e gastronomía de Taiwán que visitaron a Denominación en outubro, asisitindo tamén a diversos actos como catas comentadas e conferencias.
Ambalas dúas iniciativas enmarcábanse na política de apertura de novos mercados no continten te asiático emprendida polo Consello Regulador.

### Curso sobre "Marqueting e Comercialización do Viño"

O Consello Regulador organizou en sesións de fin de semana un curso de "Marqueting e Comercialización do Viño" dirixido a xerentes de adegas e responsables de departamentos financieiros e comerciais. A duración total do curso celebrado durante tres fins de semana consecutivos foi de 39 horas e tivo lugar nas novas dependencias do Pazo de Mugartegui.
O curso, englobado nas actividades de formación do Consello, foi impartido por profesionais con ampla e contrastada experiencia empresarial e docente nas áreas de marqueting vinícola. A saber:
Enrique Larrumbe (economista, director xeral de EUROGAP e profesor da universidade de Deusto), José Manuel Estefanía (economista e director de GLOCAL, tamén profesor de Deusto), Juan Mancisidor (economista, Máster en Dirección Estratéxica, director da oficiña EUROGAP en Madrid), Juancho Carnicer (Licenciado en Derecho, Máster en Asesoría de Empresa do Instituto de Empresa) e Jon Zubía (Licenciado en Administración y Dirección de Empresas por Deusto e xefe de Consultoría de EUROGAP-Madrid).
O obxectivo final era amplia-la formación de adegueiros e departamentos comerciais coa finalidade de mellora-los procesos de xestión, planificación e execución de cada ADEGA, fomentando a orientación ao cliente e a calidade do servicio.
O curso estivo dividido en catro módulos (marqueting, comunicación, comercialización e comercio exterior) e a metodoloxía centrouse en contidos eminentemente prácticos, con exemplos e casos reais de traballos en grupo e/ou individuais, ademais de exercicios de autodiagnóstico para que os asistentes seguisen un proceso de reflexión estratéxica sobre as súas empresas.

### Máis de 500 profesionais nun acto de promoción en Bilbao

Dezanove adegas da DO "Rías Baixas" participaron na presentación dos seus viños nun acto no hotel Sheraton de Bilbao onde se reuniron máis de 500 profesionais do sector vinícola do País Vasco (distribuidores, restauradores, vinotecas, tendas especializadas sumilleres), ademais de uns vinte sumilleres que participaron nunha cata vertical, impartida por un técnico do Consello Regulador.
Este tipo de presentacións axudan na proxección dos "Rías Baixas", avalados por constantes premios e recoñecementos dentro e fora do país, e moi especialmente valorados no País Vasco, porque se adaptan perfectamente á súa gastronomía e aos gustos do consumidor, acostumbrado ao txacolí.

### Visita de xornalistas americanos

Sete xornalistas dos EE.UU. participaron nunha misión inversa dentro da campaña de promoción dos "Rías Baixas" nese país. Os xornalistas tiveron ocasión de participar en diversas accións promocionais para profundizar no coñecemento da cultura do viño nas Rías Baixas, incluindo visitas a adegas e viñedos e unha cata no Consello Regulador.

### As vendas nos mercados internacionais incrementáronse un 14% en valor na camapaña 2004-2005

As cifras de vendas no mercado internacional continuaron en ascenso durante a campaña (setembro 2004 a agosto 2005) ata acadar un incremento do 14% en valor e un 13% en volume respecto a campaña anterior.
A presidenta do Consello Regulador, Marisol Bueno, declarou que "se trata de cifras moi boas, se temos en conta ademais que exportamos o 15% da nosa producción e moitas das 190 adegas da DO nunca se van plantexa-la internacionalización do seu negocio porque teñen unha producción e recursos limitados". A presidenta aclarou ademáis que "Rías Baixas" é unha das denominacións cunha exportación máis diversificada "porque estamos chegando a máis de 50 destinos".
Nun contexto nacional de incrementos moito máis reducidos das exportacións -un 7% en volume e un 4% en valor, segundo datos da Federación Española do Viño (FEV), os "Rías Baixas" rexistran incrementos de ata un 33% en volume en mercados como o de EE.UU., seguido polo de Gran Bretaña, Porto Rico e Alemaña (cun 28%). Novos mercados como os de Xapón e Dinamarca presentan tamén tendencias importantes, así como os mercados potenciais de Canadá, Noruega ou Suecia.

## Decembro

### Robert Parker e Michael Franz prestan atención aos viños de "Rías Baixas"

Prestixiosos críticos estadounidenses incluiron referencias moi positivas para os viños da nosa denominación nos seus escritos.
Michael Franz publicou unha selección de viños brancos españoles no "Washington Post" elexidos pola súa calidade e frescura.
O crítico destacou as elaboracións a partir de uvas autóctonas, entre elas o albariño, para destacar o xurdimento dun crecente número de viños brancos de interés.

# Actividades

## Xaneiro

### Semifinal Nariz de Oro en Sevilla

O Consello Regulador patrocinou ao longo do ano 2005 o concurso "Nariz de Oro" e, de maneira especial, o premio "Sumiller Novel Rías Baixas Albariño 2005".
En Sevilla os viños da nosa Denominación foron os protagonistas das probas de clasificación realizadas aos 60 sumilleres convocados pola organización do concurso. Os clasificados en cada unha das semifinais, accederon á Gran Final, da que saiu elexido o "Sumiller Nariz de Oro 2005".
De forma paralela, ao longo de tódalas semifinais, escolleuse entre os sumilleres menores de 25 anos ao "Sumiller Novel Rías Baixas Albariño 2005", a través dunha proba estructurada en 3 preguntas xenéricas sobre a Denominación e a cata comentada dun viño "Rías Baixas".
Outro aspecto da nosa participación no concurso foi a Mostra Gastronómica e de Viños na que participou o Consello Regulador como expositor, ofrecendo viño xenérico para degustación ás persoas invitadas e acreditadas (sumilleres, restauradores, tendas especializadas, afeccionados, medios de comunicación e suscriptores da revista "Viño e Gastronomía"). Na convocatoria ao público participa activamente a rede de "Clubs del Gourmet" de "El Corte Inglés". Como expositores dispuxemos dun estand-mesa onde realiza-las degustacións de producto xenérico, co correspondente apoio publicitario de folletos, posters, etc.

### Xantar coa prensa de A Coruña

Coa finalidade de acadar un maior achegamento coa prensa de cada unha das provincias, organizáronse uns almorzos cos directores e xefes de informativos dos medios de comunicación da Comunidade.
No restaurante "Playa Club" de A Coruña celebrouse un xantar con 14 xornalistas dos medios de comunicación máis relevantes da cidade, coa finalidade de ter un trato máis personalizado con eles, comentarlles a nosa forma de traballar, os nosos proxectos de futuro e dar contra das actividades realizadas.

### Curso de Trazabilidade

O Consello Regulador organizou un Curso de Trazabilidade para adegas, que tivo lugar na nova sé do Consello Regulador en Pontevedra, e no que se deron cita máis de 70 adegueiros da Denominación.
O obxectivo era familiarizar aos asistentes co concepto de Trazabilidade, dacordo co Regulamento CE 178/2002 e as súas implicacións nos procesos de xestión das adegas.
No curso se pasou revista a temas como as crises alimentarías do último tercio do século XX e a resposta da Administración e o mercado. Profundizouse na singularidade dos sector vitivinícola diante da trazabilidade e examináronse distintos aspectos técnicos como a xestión loxística ou os sistemas de identificación automática.

## Febreiro

### Seminario de Marqueting

O Consello Regulador organizou nas instalacións da Escola de Administracións Públicas de Pontevedra un seminario de Marqueting dirixido a adegas baixo o título "O Marqueting e os novos retos aos que se enfrenta o viño español no estranxeiro".
Os contidos versaron sobre Marqueting e Marqueting internacional, Creatividade adaptada ao momento, Análise da competencia, e outras posibilidades de Comunicación.
Os ponentes do Seminario foron Pancho Campo e Guillermo Prieto, pertencentes á "Universidad Americana de Marbella "CIEM" e a "The Wine Academy", organizadores do "Simposium Internacional del Vino de Marbella".

### Semifinal "Nariz de Oro" en Barcelona

O Consello Regulador participou na semifinal do concurso "Nariz de Oro" celebrado en Barcelona, onde foi elexido o "Sumiller Novel Rías Baixas - Albariño" entre os 50 sumilleres menores de 25 anos presentados, e que se clasificou para a gran final de Madrid.
Paralelamente, o Consello Regulador participou cun estand, ofrecendo viño xenérico para degustación, así como todo tipo de información e folletos da Denominación.

## Marzo

### Minifeira en Madrid

O C.R.D.O. "Rías Baixas", organizou unha minifeira no hotel Villa Magna en Madrid cun rotundo éxito de participación, chegando a congregar a máis de 1.000 profesionais do sector e máis de 40 medios de comunicación no xantar previo.
A minifeira constou de tres eventos diferenciados.
En primeiro lugar un Xantar coa prensa especializada e xeneralista de Madrid e as adegas.
Seguidamente, unha presentación e Cata para sumilleres dirixida únicamente a 25 sumilleres de Madrid e precedida dunha charla introductoria sobre a Denominación e os seus viños.
Por último, unha Cata e Degustación con adegas para os invitados convocados, entre os que se atopaban tendas especializadas, vinotecas, restaurantes e hoteis, sumilleres, prensa especializada e xeneralista, distribuidores, representantes da Unión Española de Catadores, escolas de hostelería, clubes de viños e asociacións de profesionais vinculados co sector.

### Feira FEVINO

O Consello Regulador participou nesta feira, considerada unha das máis importantes que se celebran no norte de España, cun estand propio de 16 m2.
Na feira expuséronse unhas 50 marcas de viños desta Denominación e material promocional.

### Premios Wine Award 2005

O Consello Regulador estivo presente, a través do ICEX, na mostra previa á gran cea de gala de entrega destes prestixiosos premios. As trece marcas desta D.O. dispostas na mesa acapararon o interese da multitude de prensa e público selecto que estivo presente nun evento, no que o prezo por cuberto rondaba os 300 euros.

### Feira Prowein 2005

Tamén estivo presente o Consello Regulador nunha das feiras máis importantes do sector a Prowein de Dusseldorf (Alemaña). Os "Rías Baixas" contaban cun estand propio dentro do pavillón oficial do ICEX. Acudiu con 25 adegas a as súas marcas respectivas, conseguindo unha cantidade importante de contactos interesados nos nosos viños.

Na feira ofreceuse a posibilidade de catar unha ampla variedade de viños das distintas adegas da Denominación.

### Visita de representantes do ICEX

En marzo tamén tivo lugar unha reunión con representantes do ICEX e membros da Comisión Permanente e de Promoción do Consello Regulador, para centra-la campaña de Promoción de Rías Baixas en EEUU.
Acudiron por parte do ICEX Rosa Ángulo, xefa do Departamento de Viños, Izaskun Zurbizu, consultora de Viños, Mª Dolores Loureda, conselleira Delegada do ICEX en Galicia e Isabel Fernández, xefa do Departamento do ICEX-Galicia.

### Visita de representantes do IGAPE

Os representantes do IGAPE visitaron a Denominación, con visitas a dúas adegas da D.O. e asistindo a un xantar coa presidenta do Consello Regulador, Marisol Bueno. A finalidade era dar a coñecer aos novos conselleiros as oficiñas de nova creación do IGAPE en Xapón e Poloña.
Estiveron presentes Dolores García de los Huertos, Subdirectora de Internacionalización; Belén García Fernández, Directora do CPN de Polonia e Pedro J. Gallego Úbeda, Director do CPN de Xapón.

## Abril

### XIX Salón Internacional do Club Gourmets

Baixo o pavillón oficial da Xunta de Galicia o Consello Regulador da DO "Rías Baixas" estivo presente no Salón internacional do Club Gourmet de Madrid.
Por este Salón, no que participa o Consello Regulador desde os seus inicios, e que pasa por ser un observatorio indispensable do sector hosteleiro, pasaron como é habitual unha multitude de profesionais, maioritariamente hosteleiros do mercado madrileño.

### Xantar coa prensa en Vigo

Seguindo a política de achegamento á prensa xeneralista de Galicia e continuando cos xantares organizados en distintas cidades galegas cos medios de comunicación locais, tivo lugar o xantar celebrado en Vigo, no Pazo dos Escudos, ao que asistiron uns 20 xornalistas da cidade olívica.

### Minifeira en Sevilla

Celebrada no Hotel Alfonso XIII a minifeira constou, como é habitual, de tres eventos diferenciados: o Xantar coa prensa, a Presentación e Cata para sumilleres e unha Cata e Degustación con adegas para o público invitado.
Participaron nesta minifeira un total aproximado de 600 profesionais que tiveron ocasión de entrar en contacto directo coas adegas nas mesas de degustación.

## Maio

### FENAVIN en Ciudad Real

Na IIª edición desta Feira celebrada en Ciudad Real, o Consello Regulador participou dentro do pavillón oficial da Xunta de Galicia.
O certame está dirixido sobre todo a promoción entre distribuidores maioritariamente procedentes do estranxeiro.

### Visita da axencia de comunicación rusa Lokator

A visita promocional dos representantes da axencia de comunicación rusa Lokator plantexouse como obxectivo dar a coñecer en detalle ao público ruso as características e a calidade da gastronomía galega A axencia colabora xa na península con outros organismos de promoción sobre todo en Castilla, Cataluña, Valencia., Canarias e Andalucía.

### A Great Match de Nova York

Nova participación neste importante certame americano coa presenza de 10 adegas e 13 marcas de viño na mesa do Consello Regulador, con apoio da Oficiña Comercial neoiorquina.
A serie de degustacións de "The Great Match: Wine & Tapas", son as catas de viños españois máis significativas de todo EE.UU. onde se poden degustar entre 150 e 250 viños acompañados por un menú de tapas de distintas cociñas internacionais. O "Great Match" ven a se-lo escaparate máis representativo dos viños españois nos EE.UU., con asistencia dunas 1.000 persoas entre distribuidores, prensa e consumidores.

### Semifinal "Nariz de Oro" – Valencia

Na semifinal valenciana do concurso "Nariz de Oro" onde estivo presente con seu estand de

promoción, o Consello Regulador patrocinou a elección do "Sumiller Novel Rías Baixas-Albariño", que se clasificou para a grande final de Madrid.

### Visita dos sumilleres do curso da Cámara de Comercio de Madrid

30 alumnos do curso de sumilleres da Cámara de Comercio de Madrid estiveron de visita na Denominación, concretamente na zona do Rosal (o ano pasado estiveron no Salnés). Trátase de profesionais destinados a traballar en restaurantes, tendas especializadas ou empresas de distribución, rigorosamente seleccionados pola súa experiencia para participar no curso.

### Curso de Calidade

A iniciativa do Consello Regulador tivo lugar na Cámara de Comercio de Pontevedra un seminario sobre "A Calidade Agroalimentaria Galega e a Aplicación da calidade ás Empresas Agroalimentarias". O curso estaba destinado ás adegas da Denominación e os ponentes foron Ricardo Rivas e o director territorial de "Veritas":

### Final "Nariz de Oro" 2005 en Madrid

Despois de patrocinar as distintas semifinais do concurso o Consello Regulador estivo presente na grande final do "Nariz de Oro" 2005 en Madrid onde se proclamou vencedor absoluto un xove valenciano. A Denominación
estivo presente co seu estand promocional ao longo da mostra organizada de xeito paralelo ao concurso.

### II Simposio Internacional do Viño de Marbella

Unha das citas dos gurús do sector mundial é este simposio no que o Consello.Regulador participou como patrocinador, ofrecendo ademáis o viño dun dos xantares que tiveron lugar durante o evento

### Feira Gastronómica do Mediterráneo

Nova actividade de promoción no mercado andaluz, nesta ocasión en Málaga, para un área de

moito potencial xa que neste certame deuse cita todo o sector andaluz, especialmente da Costa do Sol.
A participación constou dun estand de promoción con marcas das distintas adegas e viño xenérico, e dunha cata dirixida por un coñecido crítico e xornalista para o sector profesional.

### Visita da Televisión Checa

A visita dos profesionais da televisión de Chequia a Denominación "Rías Baixas" tiña por obxectivo a realización dun espazo sobre zonas de producción de viño en España, con atención especial a lugares de interés turístico (paisaxe, monumentos, gastronomía e costumes), e destinado ao público en xeral.

### Homenaxe a Custodio Zamarra

O Consello Regulador colaborou coa Asociación Española de Sumilleres na organización da homenaxe a Custodio Zamarra, coa finalidade de continuar co noso achegamento cada vez maior ao sector dos sumilleres, prescriptores dos nosos viños.

### Visita de sumilleres de Holanda

Sete recoñecidos sumilleres de Holanda visitaron a nosa Denominación, en particular adegas e viñedos, e amosaron un grande interese polos nosos caldos e os seus posibles "maridajes" con productos gastronómicos diversos.

### Visita de xornalistas de Canadá e Alemaña

Continuando as actividades de promoción destinadas a favorecer a penetración da nosa marca nos mercados exteriores a través de medios de comunicación e prescriptores, un grupo de xornalistas de Canadá e oito importantes xornalistas especializados de Alemaña estiveron na Denominación para coñece-la nosa zona vinícola.

## Agosto

### Campaña de publicidade en vallas

Aproveitando o incremento do turismo na época estival desenvolveuse unha campaña de publicidade, ubicando en zonas estratéxicas da nosa Comunidade unha serie de vallas exteriores de 3 x 8 metros, en periodos de 15 días, que se extenderon a todo o periodo de verán.

### Festa do Viño do Rosal

Como cada ano o Consello Regulador participou na Feira do Viño de O Rosal cun estand para exposición e reparto de material promocional.

### Satellite Media Tour en EE.UU.

Dentro dos actos de promoción previstos para a campaña nos EE.UU. fixéronse uns microprogramas de radio por diferentes cidades de EE.UU, dirixidos por Leslie Sbrocco, onde participaron as adegas que están dentro da campaña de promoción.

### Visita de xornalistas de Chequia, Hungría e Polonia

En colaboración coa Cámara de Comercio de Lugo, invitouse a cinco xornalistas especializados de viño (2 húngaros, 2 Checos e un polaco), a visita-la Denominación. Nas instalacións do Consello Regulador recibiron unha charla e participaron nunha cata xenérica

### Festas do Viño do Condado

O consello Regulador participou na Festa do Condado cun estad de promoción e degustación.

## Setembro

### Presentación de "Negocios del Vino y la Restauración"

O C.R.D.O."Rías Baixas" intensificou a súa presenza nos medios de comunicación cunha inversión promocional no novo xornal "Negocios del Vino y la Restauración". Insertáronse tres faldóns publicitarios nos meses de outubro, novembro e decembro cunha inversión total de 1.000.
Á xornada de presentación da nova publicación asistiu a Ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, Elena Espinosa, e na reportaxe publicada sobre o evento quedou reflexada a colaboración do C.D.R.O "Rías Baixas" co protagonismo que corresponde aos mellores viños de España.

### Visita do xornalista César Lumbreras

O xornalista Cesar Lumbreras, colaborador habitual de "La Razón" e "Agrocope", visitou a nosa denominación coa finalidade de coñecer de primeira man as características da nosa vendima.

## Outubro

### Visitas da prensa de Noruega e Taiwán

Cinco xornalistas de Noruega e outros cinco de de Taiwan visitaron entre setembro e outubro a nosa Denominación e as novas instalacións do Consello Regulador, onde se lles informou das características dos nosos viños de cara a promoción neses mercados potenciais.

## Novembro

### Invitados de Suecia

O sumiller sueco Anneli Berridge que visitara a Denominación "Rías Baixas" en maio, por iniciativa do ICEX, organizou unha visita dun grupo de dezaoito personas afeccionadas ao viño que tivo lugar en novembro

### Visitas da prensa de Xapón e de EE.UU.

Sete xornalistas xaponeses visitaron a nosa denominación por iniciativa do ICEX e posteriormente visitáronos tamén cinco xornalistas de EE.UU. dentro da campaña de promoción aberta nese país. Todos eles tiveron ocasión de coñecer viñedos e adegas de diferentes subzonas da Denominación, e parte da nosa cultura e gastronomía.

### Curso de Comercialización e Marqueting de de Viño

O Consello Regulador organizou durantes tres fins de semana consecutivos un curso de Comercialización, Marqueting e Comunicación do Viño dirixido que tivo lugar na sé do Consello Regulador e no que participaron un total de 25 adegas.

### Minifeira en Bilbao

Dezanova aegas participaron no hotel Sheraton de Bilbao nunha minifeira que contou coa asistencia de 14 medios de comunicación e 600 profesionais do sector (restaurantes, hoteis, distribuidores, tendas especializadas, sumilleres, grandes superficies).

### Salón Internacional do Viño

O Consello Regulador participou dentro do estand institucional da Xunta de Galicia, neste salón internacional ao longo de tres días.

## Decembro

### Curso de reciclaxe do panel de cata

Na sé do Consello Regulador impartiuse un curso dirixido ao panel de cata, baixo o título "Base, metodoloxía e formación de paneis sensoriais".

### Xornadas informativas sobre as axudas do IGAPE

Impartiuse no Consello Regulador unha xornada informativa para as adegas interesadas en implantar un diagnóstico integral da empresa.

### Campaña de Nadal

Durante o mes de decembro levouse a cabo unha campaña de publicidade en Galicia, dirixido ao consumidor galego baixo o eslogan: "Para ser o millor branco do mundo só nos faltas ti". A campaña constou de 80 vallas publicitarias nas principais cidades galegas.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ALBARIÑO D.O. RIAS BAIXAS

Consello Regulador da Denominación de Orixe

Rías Baixas

Pazo de Mugartegui
Praza da Pedreira 10 - 36002 (Pontevedra)
Tf: 986 854 850 / Fax: 986 864 546
www.doriasbaixas.com / consejo@doriasbaixas.com

Edita: Imaxe Nova de Comunicación. r/ Uruguai, 2 - 3º dta. 36201 VIGO